

A historical painting depicting a large crowd of people at night, many holding red flags, with a man standing on a balcony in the background. The scene is illuminated by warm light from windows and street lamps, creating a dramatic atmosphere. The crowd is dense, and the red flags are prominent, suggesting a revolutionary or military event.

UD 8. A REVOLUCIÓN RUSA

Historia do Mundo Contemporáneo – 1ºBac.

IES Fontexería (Muros)



Primera Guerra Mundial y la Revolución Rusa (1914-1939)

Eixe cronolóxico

El territorio ruso en la época zarista



1. A RUSIA TSARISTA A COMEZOS DO S.XX

Rusia en 1900 = inmenso Imperio, desde o Mar Báltico (O) ao Océano Pacífico (L).

1. A RUSIA TSARISTA A COMEZOS DO S.XX

- Máis de 140 millóns de habitantes, cunha gran diversidade de pobos.



1. A RUSIA TSARISTA A COMEZOS DO S.XX

1.1 INMOBILISMO POLÍTICO E DIFICULTADES DE MODERNIZACIÓN

- A economía e a sociedade rusas eran das máis atrasadas de Europa.

LA RUSIA DE LOS ZARES: ECONOMÍA



1. A RUSIA TSARISTA A COMEZOS DO S.XX

1.1 INMOBILISMO POLÍTICO E DIFICULTADES DE MODERNIZACIÓN

- O sistema político descansaba no **poder absoluto do tsar**.
- Os tres piares do réxime:
 - **A nobreza**: concentraba nas súas mans a propiedade da terra.
 - **Os altos cargos da administración e o exército**, xunto coa policía secreta (*okhrana*), que exercía a censura e o control político.
 - **A Igrexa ortodoxa**: o xefe supremo era o mesmo tsar.



1. A RUSIA TSARISTA A COMEZOS DO S.XX

1.1 INMOBILISMO POLÍTICO E DIFICULTADES DE MODERNIZACIÓN

- Reinado de Alexandre II (1855-1881): intento de aplicar **reformas** na economía e administración, **sen cuestionar o poder absoluto do tsar** nin os privilexios da nobreza terratenente.
 - Medida máis destacada: **abolición do réxime feudal e a servidume campesiña en 1861.**
 - Os servos obtiveron a liberdade persoal, pero tiveron que pagar fortes indemnizacións aos antigos señores polas terras que ata entón cultivaban.
 - Resultados moi limitados: non mellorou a produtividade da terra, amplas capas do campesiñado seguen a vivir na extrema pobreza e afogadas polas débedas.



1. A RUSIA TSARISTA A COMEZOS DO S.XX

1.1 INMOBILISMO POLÍTICO E DIFICULTADES DE MODERNIZACIÓN

- **Atentado a Alexandre II en 1881**: abandono definitivo dos intentos reformistas.
- Reinados de **Alexandre III (1881-1894)** e **Nicolau II (1894-1917)**: retorno ao inmovilismo político e represión de toda forma de oposición (Doc.2)



1. A RUSIA TSARISTA A COMEZOS DO S.XX

1.1 INMOBILISMO POLÍTICO E DIFICULTADES DE MODERNIZACIÓN


- Sen embargo, a finais do s.XIX proseguiu a modernización económica, cun **limitado proceso de industrialización**:
 - Limitouse a certas zonas (San Petersburgo, Moscova, áreas de Ucraína, Donetz, Bakú).
 - Concentrouse en grandes complexos industriais
 - Forte presenza de capital estranxeiro.

Revolución Industrial

La expansión de la industrialización en Europa*

1840-1914

- Origen de la Revolución Industrial
- Industrialización temprana
- Industrialización tardía
- Industrialización débil
- Depósitos de carbón
- Depósitos de hierro
- Principales áreas industriales





1. A RUSIA TSARISTA A COMEZOS DO S.XX

1.1 INMOBILISMO POLÍTICO E DIFICULTADES DE MODERNIZACIÓN


- O desenvolvemento industrial dou lugar a **cambios sociais**: xurdiron novas clases medias e obreiras urbanas.
- Aínda que a poboación rural seguiu a ser predominante, xurden faccións de oposición ao réxime tsarista nas novas clases medias.



1. A RUSIA TSARISTA A COMEZOS DO S.XX

1.2 A OPOSICIÓN AO TSARISMO

- Prohibición de formar partidos políticos: organización por unha reducida clase intelectual dunha oposición ao tsarismo que reclamaba liberdades políticas e cambios sociais e económicos.
<http://www.claseshistoria.com/revolucionrusa/%2Btolstoi.htm>
- **1870: xurden os populistas (*narodniks*)**. Pretenden crear unha conciencia revolucionaria no campesiñado, piden un socialismo agrario baseado na colectivización da terra. Fundan a organización *Terra e Liberdade* (propaganda e actos terroristas).



1. A RUSIA TSARISTA A COMEZOS DO S.XX

1.2 A OPOSICIÓN AO TSARISMO

- O populismo fracasa e fractúrase: os **anarquistas** fundan unha organización terrorista, *A Vontade do Pobo*, que asasina ao tsar Alexandre II en 1881; e o outro sector oriéntase cara a creación dun **partido socialista revolucionario**.

Iliá Repin, *O arresto dun propagandista*, 1880-89



1. A RUSIA TSARISTA A COMEZOS DO S.XX

1.2 A OPOSICIÓN AO TSARISMO

- En **1898**, nun congreso clandestino celebrado en Minsk, fúndase o **Partido Obreiro Socialdemócrata Ruso (POSDR)**, inspirado nos principios revolucionarios marxistas. Nel destaca a figura de Vladimir Ilich Ulianov, máis coñecido como **Lenin**.



1. A RUSIA TSARISTA A COMEZOS DO S.XX

1.2 A OPOSICIÓN AO TSARISMO

- En 1903 prodúcese no POSDR a ruptura entre menxeviques e bolxeviques:
 - Os **menxeviques** (“minoritarios”) defendían unha **revolución burguesa** e desenvolver unha economía capitalista antes de emprender a revolución socialista. Concibían o partido como unha organización de masas aberta a militantes e simpatizantes.
 - Os **bolxeviques** (“maioritarios”) querían derrotar o tsarismo e establecer unha **“ditadura democrática revolucionaria provisional do proletariado e o campesiñado”**. Conciben o partido como unha organización ferreamente disciplinada, e os seus militantes debían acatar o programa e dedicarse por enteiro á revolución.

Lenin e Martov



1. A RUSIA TSARISTA A COMEZOS DO S.XX

1.2 A OPOSICIÓN AO TSARISMO

- En 1905 créase o **Partido Socialista Revolucionario** (SR ou *eseristas*), herdeiro dos populistas: mantén as teses do socialismo agrario e da revolución campesiña e non burguesa; pero crían que antes era necesaria unha fase de desenvolvemento capitalista.
- Cara 1905 a burguesía liberal forma o **Partido Constitucional Demócrata** ou *cadetes*. Pretende transformar o réxime absoluto tsarista noutro constitucional no que se respectasen os dereitos individuais.



1. A RUSIA TSARISTA A COMEZOS DO S.XX

1.3 A REVOLUCIÓN DE 1905

- Primeiros anos do s.XX: convulsión do réxime tsarista (situación económica e axitación social).
 - **Descontento do campesiñado** (empobrecido e defraudado pola reforma agraria): axitacións e atentados.
 - **Deterioro das condición de vida dos obreiros** (concentrados en San Petersburgo, Moscova...)
 - **Derrotas rusas na guerra ruso-xaponesa de 1905**: descrédito do tsar.
 - <https://www.youtube.com/watch?v=uuMIIP-fgUw>
 - <https://www.youtube.com/watch?v=mOShfWL7JOk>



1. A RUSIA TSARISTA A COMEZOS DO S.XX

1.3 A REVOLUCIÓN DE 1905

- Descontento obreiro: **serie de folgas en San Petersburgo**.
 - Xaneiro 1905: manifestación obreira pacífica ante o Palacio de Inverno. Os manifestantes queríanlle presentar ao tsar unha serie de reivindicacións (fin dos abusos, dereitos e liberdades, bases para unha democracia representativa).
<http://www.claseshistoria.com/revolucionrusa/%2Bdomingosangriento.htm>
 - A garda do tsar abriu fogo: centenaes de mortos e feridos: **domingo sanguento**.
 - **Condena internacional** da represión, detonante para un **movemento revolucionario**: torrente de folgas, levantamentos e motíns.



1. A RUSIA TSARISTA A COMEZOS DO S.XX

1.3 A REVOLUCIÓN DE 1905

- **Campeñeiros:** esixen a fin dos abusos dos señores.
- **Obreiros:** organizan comités de folga, crean espontaneamente os primeiros consellos obreiros ou sóviets (o máis activo: o de San Petersburgo, presidido por Liev Davídovich **Trotsky**).
- **Partidos políticos clandestinos:** activa oposición contra a guerra, obxectivo = derrocar o réxime autocrático tsarista.
- **Descontento do exército:** motín do acorazado Potemkin (tripulación rebélase no seu regreso do Extremo Oriente).
Película de Sergei Eisenstein (1925): [*El acorazado Potemkin*](#).

1. A RUSIA TSARISTA A COMEZOS DO S.XX

1.3 A REVOLUCIÓN DE 1905

- O tsar anuncia no [Manifesto de Outubro](#) unha serie de medidas de carácter liberal:
 - Conxunto de **liberdades civís** (liberdade de conciencia, de expresión, de reunión, de asociación).
 - Créase un **régime representativo** cun Parlamento, a **Duma**, elixida por amplo sufraxio e con poderes lexislativos.
- O manifesto calma á oposición e permítelle a Nicolau II reprimir a revolta, arrestar aos dirixentes do sóviet de San Petersburgo e do de Moscova.



1. A RUSIA TSARISTA A COMEZOS DO S.XX

1.4 O FRACASO DAS REFORMAS

- A revolución de 1905 crea grandes expectativas reformistas (régime político democrático, auténtica reforma agraria, mellora das condicións de vida e traballo dos obreiros).
- Pero as reformas foron moi limitadas e o poder absoluto do tsar diminuíu pouco:
 - A Duma tiña un poder lexislativo moi recortado (**dereito de veto do tsar**).



1. A RUSIA TSARISTA A COMEZOS DO S.XX

1.4 O FRACASO DAS REFORMAS

- O Parlamento pasa por **catro etapas** ata a súa desaparición en 1917:
 1. A Primeira Duma (maio-xullo 1906). Os deputados campesiños (non pertencen a ningún partido) e os cadetes (maioría) esixiron un auténtico réxime parlamentario e a entrega da terra dos terratenentes ao campesiñado. O tsar ordena a disolución da Duma.
 2. A Segunda Duma (ata xullo de 1907). Asemblea máis radical, e o tsar opta tamén por disolvela. Modifícase o sistema electoral para que a oligarquía tivese máis representación.
 3. A Terceira Duma (1907-1912). Maioría conservadora.
 4. A Cuarta Duma (ata 1917). Conservadora, pero crítica coa política tsarista na Primeira Guerra Mundial.

1. A RUSIA TSARISTA A COMEZOS DO S.XX

1.4 O FRACASO DAS REFORMAS


- O **tsar** mostraba unha actitude cada vez máis autoritaria.
- **Fracasou a reforma agraria de 1906** (ministro Stolypin): pretendía crear unha clase de campesiños acomodados, os kulaks, para ter unha base social favorable ao réxime.
 - A reforma non afectou ás propiedades da nobreza e a Igrexa, co que pouco antes da revolución de 1917 a metade das terras cultivables pertencían ao tsar e a uns 30.000 propietarios nobres e eclesiásticos.
- **Volveu a represión política** (37.735 persoas condenadas por delitos políticos entre 1906 e 1910).
- Continuas crises políticas, escandalosa influencia política das “**camarillas cortesás**” e **Rasputín**: aumenta a impopularidade do tsar.
- A **Primeira Guerra Mundial** empeora a situación.

1. A RUSIA TSARISTA A COMEZOS DO S.XX

La propiedad de la tierra en Rusia
(1862)



La propiedad de la tierra en Rusia
(1916)



2. A REVOLUCIÓN DE FEBREIRO DE 1917

- A guerra foi o detonante da revolución:
 - **Derrotas militares** de Rusia na IGM nas campañas de 1914, 1915 e 1916
 - **Elevadas perdas humanas e territoriais** (Polonia, Lituania e parte de Bielorrusia en mans dos alemáns)
 - Enormes **dificultades económicas**
 - Profundo **malestar social**
 - **Desmoralización e desercións no exército ruso**: punto culminante en 1917



2. A REVOLUCIÓN DE FEBREIRO DE 1917

2.1 A REVOLUCIÓN DE FEBREIRO E A CAÍDA DO TSARISMO

- 23 de febreiro de 1917: **folga na fábrica de armamentos Putilov**, que inicia unha **revolución espontánea** en Petrogrado (San Petersburgo), que queda paralizada por unha folga xeral.
- As folgas e manifestacións **esténdense a outras cidades** (Moscova).
- **Sanguenta represión** por parte do exército o 26 de febrero.
- 27 de febrero: **as tropas** de gornición de Petrogrado, enviadas para reprimir, **únense aos folguistas**



2. A REVOLUCIÓN DE FEBREIRO DE 1917

2.1 A REVOLUCIÓN DE FEBREIRO E A CAÍDA DO TSARISMO

- Os **revolucionarios** (menxeviques, socialistas revolucionarios e bolxeviques) reorganizan o **sóviet de Petrogrado**, e esixen reformas democráticas e o fin da guerra.
- Disolución da Cuarta Duma polo tsar: os **liberais** (*cadetes*) únense á **oposición ao tsar**, que queda sen apoios.
- 2 de marzo: **Nicolau II abdica**, e ao día seguinte fórmase un **gobierno provisional**, presidido polo príncipe Lvov, con maioría de membros dos cadetes, e **Kerenski** (socialista revolucionario).



2. A REVOLUCIÓN DE FEBREIRO DE 1917

2.2 DE MARZO A OUTUBRO: O GOBERNO PROVISIONAL

- Entre marzo e outubro houbo dous gobiernos paralelos: o do **gobierno provisional** e o dos **sóviets**, sobre todo o de Petrogrado (menxeviques e socialistas revolucionarios)
- Os bolxeviques opoñíanse a toda colaboración do goberno provisional



2. A REVOLUCIÓN DE FEBREIRO DE 1917

2.2 DE MARZO A OUTUBRO: O GOBERNO PROVISIONAL

- Goberno provisional: serie de reformas:
 - Amnistía
 - Recoñece as liberdades civís e dissolve a policía tsarista (*okhrana*)
 - Promete entregar as terras dos terratenentes aos campesiños
 - Prepara a elección por sufraxio universal dunha Asemblea Constituínte (paso previo a unha república parlamentaria)
 - Recoñece o dereito á independencia de Finlandia e Polonia

2. A REVOLUCIÓN DE FEBREIRO DE 1917

2.2 DE MARZO A OUTUBRO: O GOBERNO PROVISIONAL

- Sen embargo, este goberno provisional mantén os compromisos na guerra e pospón as reformas básicas (agraria) ata a fin do conflito.
- **Goberno débil**, sen aparato policial, cun exército no que os soldados cuestionan a autoridade dos oficiais, e afogado polos problemas da guerra: **sucesivas crises**.
- **Mantemento de Rusia na guerra: enfróntaos aos menxeviques, socialistas revolucionarios e bolxeviques**, partidarios dunha paz inmediata.

LAS TESIS DE ABRIL EL COMETIDO DEL PROLETARIADO EN LA REVOLUCIÓN ACTUAL

1917

Fondo documental **EHK** Dokumentu fondoa
Euskal Herriko Komunistak



2. A REVOLUCIÓN DE FEBREIRO DE 1917

2.2 DE MARZO A OUTUBRO: O GOBERNO PROVISIONAL

AS CRISES COS BOLXEVIQUES

- **Crise de abril:** Lenin expón nas súas “[Teses de abril](#)” a liña política do seu partido, o máis radical dos revolucionarios:
 - **Ruptura** co goberno provisional e cos que consideraba os seus “colaboracionistas” (menxeviques e socialistas revolucionarios).
 - Necesidade de pasar da revolución burguesa á **revolución socialista**
 - O poder debía recaer nos **sóviets**





2. A REVOLUCIÓN DE FEBREIRO DE 1917

2.2 DE MARZO A OUTUBRO: O GOBERNO PROVISIONAL

AS CRISES COS BOLXEVIQUES

- Para facer fronte a esta crise, en maio menxeviques e socialistas revolucionarios forman un **gobierno de coalición** xunto aos cadetes.
- En **xullo de 1917** acentuouse a oposición dos bolxeviques á guerra, e organizaron unha **manifestación armada para facerse co poder**.
 - O goberno provisional ordena ás tropas leais que disolvan a manifestación, e o **Partido Bolxevique foi declarado ilegal**.
 - **Lenin fuxe a Finlandia e Trotski é encarcerado**. O príncipe Lvov dimite a favor de **Kerenski** (socialista revolucionario, ministro de guerra), que forma un **novo goberno de coalición**.




2. A REVOLUCIÓN DE FEBREIRO DE 1917


2.2 DE MARZO A OUTUBRO: O GOBERNO PROVISIONAL O GOLPE DE ESTADO DE KORNILOV

- Agosto de 1917: o xeneral **Kornilov**, comandante en xefe do exército, sublevouse e marchou sobre Petrogrado para implantar unha **ditadura militar**.

<http://www.claseshistoria.com/revolucionrusa/%2Bkornilov.htm>

- Kerenski pídelles axuda aos bolxeviques e ao sóviet de Petrogrado.
- **Bolxeviques, menxeviques e socialistas revolucionarios** enfróntanse a Kornilov e convencen aos soldados para que abandonen aos seus oficiais e se unan á revolución.





3. A REVOLUCIÓN DE OUTUBRO E O NACEMENTO DA URSS

- O intento de golpe de estado de Kornilov reforza a posición dos bolxeviques, que se lanzan á toma do poder.

3. A REVOLUCIÓN DE OUTUBRO E O NACEMENTO DA URSS

3.1 A CONQUISTA DO PODER POLOS BOLXEVIQUES

- **Setembro – outubro:** os bolxeviques convírtense na alternativa máis popular ao goberno provisional.
 - **Sóviet** de Petrogrado (presidido por Trotski desde setembro), de Moscova e outros sóviets urbanos: póñense do lado dos bolxeviques.
 - Desabastecemento e caos administrativo: empeoran as **condicións de vida** en Rusia.
 - **Comités de fábricas** fanse co control de moitas empresas.
 - **Campesiños** esixen entrega das terras.
 - **Soldados** reclaman a fin da guerra e a democratización do mando.



3. A REVOLUCIÓN DE OUTUBRO E O NACEMENTO DA URSS

3.1 A CONQUISTA DO PODER POLOS BOLXEVIQUES

- **Lenin** regresa do exilio a Petrogrado o 9 de outubro.
- O día 10, nunha reunión secreta do comité central do Partido, adóptase o **principio da insurrección armada**.
- **Trotsky** consegue que se aprace o levantamento en Petrogrado para que coincida coa apertura do **II Congreso dos Sóviets de toda Rusia (25 de outubro)**, para que a toma do poder parecese unha transferencia de todo o poder aos sóviets.



3. A REVOLUCIÓN DE OUTUBRO E O NACEMENTO DA URSS

3.1 A CONQUISTA DO PODER POLOS BOLXEVIQUES

A REVOLUCIÓN DE OUTUBRO

- **Trotsky** coordina as operacións do Comité Militar Revolucionario e prepara a toma do poder.
- A noite do **24 ao 25 de outubro** tropas leais aos bolxeviques e a Garda Vermella ocupan os bancos, as centrais telefónicas e as estacións de ferrocarril.
- O 25 cercan o **Palacio de Inverno** (sede do goberno provisional), e apuntan a este os canóns do cruceiro *Aurora*. As tropas bolxeviques deteñen aos membros do goberno, excepto a Kerenski (fuxe).

<http://www.claseshistoria.com/revolucionrusa/%2Bjoh nreed.htm>



3. A REVOLUCIÓN DE OUTUBRO E O NACEMENTO DA URSS

3.1 A CONQUISTA DO PODER POLOS BOLXEVIQUES

A REVOLUCIÓN DE OUTUBRO

- Paralelamente, reúnese o II Congreso dos Sóviets.
- **Menxeviques e socialistas revolucionarios** protestan polo que consideran un golpe de estado dos bolxeviques e **abandonan a sala**, co que a delegación do Partido Bolxevique conta cunha clara maioría.
- **Lenin e Trotski** forman un novo goberno: **Consello de Comisarios do Pobo**, presidido por Lenin.



3. A REVOLUCIÓN DE OUTUBRO E O NACEMENTO DA URSS

3.2 A CREACIÓN DO ESTADO SOVIÉTICO

- **Congreso dos Sóviets:** medidas decisivas para constituír un estado socialista soviético.
- **26 outubro:** Lenin asina dous decretos fundamentais (Doc.14):
 - **Decreto sobre a paz:** invita aos gobernos en guerra a unha paz xusta e democrática, sen anexións nin indemnizacións. O abandono da guerra era unha das principais demandas populares.
 - **Decreto sobre a terra:** anúnciase a expropiación das terras dos grandes terratenentes, da coroa e da Igrexa, e a súa entrega aos sóviets de campesiños.

Los decretos de octubre de Lenin.

"1. Ofrecimiento de una paz inmediata a los gobiernos de los países beligerantes.

El gobierno obrero y campesino instituido por la revolución del 24-25 de octubre y apoyándose en los Soviets de diputados obreros, soldados y campesinos, propone a todos los pueblos en guerra y a sus gobiernos entablar inmediatamente conversaciones con vistas a una paz democrática equitativa. El gobierno considera una paz equitativa o democrática, tal como la desean la inmensa mayoría de los obreros y las clases trabajadoras agotadas, abrumadas y martirizadas por la guerra en todos los países beligerantes –paz que los obreros y los campesinos rusos han reclamado de la manera más categórica y tenaz desde el derrocamiento de la monarquía zarista- una paz inmediata sin anexiones (es decir, sin la conquista de territorios extranjeros, sin la incorporación violenta de pueblos extranjeros) ni indemnizaciones (...).

2. Decreto sobre la tierra.

- a) La gran propiedad sobre el suelo se declara inmediatamente abolida sin ninguna indemnización.
- b) Las fincas de los terratenientes, al igual que todas las tierras de la Corona, los conventos, la Iglesia, con todos sus ganados y aperos, sus edificios y todas las dependencias, pasan a depender de los comités agrarios comarcales y de los Soviets de diputados campesinos de distrito, hasta que la cuestión sea reglamentada por la Asamblea Constituyente.
- c) Todo detrimento causado a los bienes confiscados –que de ahora en adelante pertenecerán a todo el pueblo- se contemplará como delito grave que castigarán los tribunales revolucionarios(...).

3. El decreto sobre la formación del gobierno.

El Congreso de los Soviets de diputados obreros, soldados y campesinos de toda Rusia decide, en tanto se reúne la Asamblea Constituyente, formar un gobierno provisional obrero y campesino que llevará el nombre de Consejo de Comisarios del Pueblo (...). El control de la actividad de los Comisarios y el derecho de revocarlos corresponde al Congreso de los Soviets de todas las Rusias y a su comité Ejecutivo Central."

Segundo Congreso de los Soviets de todas las Rusias, celebrado el 25-26 de octubre de 1917.

3. A REVOLUCIÓN DE OUTUBRO E O NACEMENTO DA URSS

3.2 A CREACIÓN DO ESTADO SOVIÉTICO

- Con estes decretos, os bolxeviques gañan o **apoio dos soldados e campesiños**, co que aseguran a permanencia no poder.
- **Outras medidas** para reforzar o control político e o apoio popular.
 - Control das fábricas e minas para os sóviets obreiros
 - Xornada laboral de 8 horas.
 - [Dereito á autodeterminación das nacionalidades](#)
 - Convocatoria de Asemblea Constituínte para elaborar unha Constitución.

3. A REVOLUCIÓN DE OUTUBRO E O NACEMENTO DA URSS

3.2 A CREACIÓN DO ESTADO SOVIÉTICO

- Para eliminar a oposición aos bolxeviques:
 - **Decreto sobre a prensa:** autorización a clausurar toda publicación contraria ao II Congreso dos Sóviets.
 - **Policía política ou Cheka** (decembro 1917): controlar e eliminar aos opositores
- Para conseguir a paz inmediata e por separado cos imperios centrais:
 - **Armisticio e inicio das negociacións** en novembro de 1917
 - **Tratado de paz de Brest-Litovsk** (marzo 1918): os alemáns impoñen as súas condicións a Rusia
 - Polonia e repúblicas bálticas (Estonia, Letonia e Lituania) baixo control alemán
 - Xeorxia, Ucraína e Finlandia independentes



3. A REVOLUCIÓN DE OUTUBRO E O NACEMENTO DA URSS

3.2 A CREACIÓN DO ESTADO SOVIÉTICO

- **Eleccións en novembro de 1917** á Asemblea Constituínte: resultados non favorables aos bolxeviques.
- Celebración dunha sesión, e despois **disolta**.
- III Congreso dos Sóviets autoprocólámase herdeiro da Asemblea e aproba a **Constitución da República Soviética Federal Socialista Rusa**, que define o novo estado como unha ditadura do proletariado baixo control dun partido único, o Partido Comunista de Rusia.
- [Discurso de Lenin](#): poder dos soviets
- [Discurso de Lenin](#): antisemitismo



3. A REVOLUCIÓN DE OUTUBRO E O NACEMENTO DA URSS

3.3 A GUERRA CIVIL

- **Crecente oposición** ao réxime bolxevique dos demais grupos políticos
- Oposición máis importante: a dos **brancos**, tropas organizadas por antigos oficiais tsaristas que protagonizaron a resistencia armada e provocaron o estoupido da guerra civil (1918-1921)
- **Brancos: apoio exterior** de Reino Unido, Francia, Estados Unidos e Xapón (capitais, tropas e armamentos), que querían derrocar ao réxime bolxevique para evitar o contaxio revolucionario en Europa.



3. A REVOLUCIÓN DE OUTUBRO E O NACEMENTO DA URSS

3.3 A GUERRA CIVIL

- A guerra favoreceu a creación dun verdadeiro exército capaz de asegurar o novo réxime: o Exército Vermello, organizado por Trotski.
- Exército convencional, suxeito a disciplina militar, e incorporou oficiais tsaristas controlados por comisarios políticos comunistas.



3. A REVOLUCIÓN DE OUTUBRO E O NACEMENTO DA URSS

3.3 A GUERRA CIVIL

- Ata 1919 a maior parte do país estivo en mans dos exércitos brancos, pero faltoulles o apoio da poboación e foron incapaces de formar unha fronte común cos partidos antibolxeviques.
- A partir de 1920, o Exército Vermello freou as ofensivas dos brancos, e en 1921 lanzou unha ofensiva victoriosa que puxo fin á guerra civil.
- En 1922 case reconquistara as antigas fronteiras do Imperio ruso.



3. A REVOLUCIÓN DE OUTUBRO E O NACEMENTO DA URSS

3.3 A GUERRA CIVIL

O COMUNISMO DE GUERRA

- **Política económica** instaurada durante a guerra civil.
- **O Estado pasou a controlar a economía rusa**, con dous obxectivos:
 - Ter recursos abondos para gañar a guerra
 - Acelerar a “construción do socialismo”, suprimindo a propiedade privada
- Nacionalizouse a industria, militarizouse a produción, suprimiuse o diñeiro e prohibiuse o libre intercambio de bens.
- Dura represión, requisa forzosa das colleitas, control dos sindicatos e supresión do dereito de folga.
- <https://www.youtube.com/watch?v=2pPyakeCImM>

3. A REVOLUCIÓN DE OUTUBRO E O NACEMENTO DA URSS

3.3 A GUERRA CIVIL

O COMUNISMO DE GUERRA

- O comunismo de guerra foi un fracaso na orde económica
- Desastrosa situación: **gran fame de 1921.**
- Gran descontento popular: serie de folgas e rebelións. Sublevación dos mariñeiros de **Kronstadt** (na vangarda da revolución desde 1917)
- <http://www.claseshistoria.com/revolucionrusa/%2Bkronstadt.htm>

Producto bruto de toda la industria (índice)	100	31
Gran industria (índice)	100	21
Carbón (millones de toneladas)	29	9
Petróleo (millones de toneladas)	9,2	3,8
Electricidad (millones de kWh)	2.039	520
Lingotes de hierro (millones de toneladas)	4,2	0,1
Acero (millones de toneladas)	4,3	0,2
Ladrillos (millones)	2,1	0,01
Azúcar (millones de toneladas)	1,3	0,05
Ferrocarriles (millones de toneladas transportadas)	132,4	39,4
Producción agrícola (índice)	100	60
Importaciones (rublos de 1913)	1.374	280
Exportaciones (rublos de 1913)	1.520	20